

ACTIVIDADES DE REFORZO



XEOGRAFÍA E HISTORIA

3º E.S.O.



NOME:..... 3º Nº.....

DATA TOPE DE ENTREGA:.....

O seguinte **traballo de reforzo** consiste en dar resposta a unha serie de actividades que repasan os contidos máis importantes da materia de Xeografía e Historia – 3º ESO traballados ao longo da Primeira Avaliación.

Consello: Pensa ben antes de contestar, non teñas prása, coida a letra e a presentación e non esquezas que para poder dar resposta dun xeito correcto ás cuestións podes facer uso do teu caderno e do teu libro de texto.

A resposta ás preguntas tes que presentala en folios nos que debes copiar de novo o enunciado da actividade.


INTRODUCCIÓN Á XEOGRAFÍA

1) Define os seguintes conceptos:

- a) Latitude b) Lonxitude c) Paralelo d) Meridiano e) Mapa f) Escala


2) Fíxate no mapa e contesta ás cuestións:

- a) Que representa o mapa?
 b) Que tipo de escala ten o mapa? Xustifica a túa resposta.
 c) É un mapa xeral ou temático? Xustifica a túa resposta.
 d) É un mapa cualitativo ou cuantitativo? Que recurso usa para sinalar a información?
 e) Que tipo de gráfica usarías para sinalar a mesma información que presenta o mapa? Explica como sería esa gráfica.



A ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL DE ESPAÑA

- 3) Que establece ou recolle a Constitución española?
 4) Por que dicimos que España é un exemplo de *Monarquía Constitucional* ou *Parlamentaria* e que o Xefe do Estado ten poderes limitados?
 5) Fai e completa un cadro das Institucións españolas seguindo o modelo.



	Exercido por...?	Elixido por...?	Funcións...?
Poder legislativo			
Poder executivo			
Poder xudicial			

6) Que é o Estatuto de Autonomía? Que “contén”?

7) Define os conceptos de *municipio*, *provincia* e *Comunidade Autónoma*.

8) Usa o mapa de España que figura na portada e contesta ás cuestións:

a) Repasa as liñas que delimitan as Comunidades Autónomas.

b) Indica no mapa os datos das Comunidades uniprovinciais (nome Comunidade, provincia e capital).

c) Indica no mapa os datos das Illas Canarias e as Comunidades máis meridional e oriental da Península (nome Comunidade, provincia e capital).

A ACTIVIDADE ECONÓMICA

9) Define os conceptos de *actividade económica*, *factores de produción* e *desenvolvemento sostible*.

10) Explica a **diferenza** entre os seguintes conceptos e **pon exemplos**.

a) Bens materiais e inmateriais b) Recursos naturais renovables e non renovables c) Poboación activa e inactiva.

11) Fai un **esquema** ou mapa conceptual dos **sectores de actividade económica**.

12) Fai e completa un **cadro** sobre o circuíto económico seguindo o modelo.



CIRCUÍTO ECONÓMICO	Empresas	Familias	Estado
Demandan			
Ofrecen			
Obteñen			

13) Fíxate no texto e completa o cadro para indicar que **tipo de empresa** ten o Señor Fernández e cales son os **factores de produción** de dita empresa.

“ O Señor Fernández ten, xunto con catro socios, unha empresa de contrachapados de madeira denominada “Fernández e asociados, S.L.”. A súa empresa está situada nunha nave de 3500 m², localizada no Polígono do Río do Pozo de Narón. Alí traballan 33 empregados (30 obreiros e 3 capataces), que fan o seu labor axudados de 16 máquinas. A empresa conta cuns fondos no banco de 400000 euros.”

RECURSOS NATURAIS	CAPITAL	TECNOLOXÍA	TRABALLO
	Físico	Manual	
	Financiero	Mecanizada	
	Humano	Robotizada	

Que tipo de empresa é segundo o número de traballadores?

É unha empresa pública ou privada?

É unha empresa particular ou unha sociedade?



14) Usa os datos para calcular a taxa de actividade e a taxa de paro do seguinte país.



DATOS: Pob. Ocupada: 470.700.000, Pob. Desocupada: 33.700.000, Pob. Inactiva: 245.100.000	
TAXA DE ACTIVIDADE	TAXA DE PARO
Fórmula:	Fórmula:
Cálculo:	Cálculo: